

O preacordo asinado, supón unha suba de 150 € para todo o profesorado

Asinado preacordo retributivo

Data	Incremento mensual
xaneiro 2007	45 €
xaneiro 2008	35 € + 15 por "titorías"
xaneiro 2009	25 € + 30 € por "titorías"
TOTAL	150 €

Este situáranos ao final do período nos postos medios-altos a nivel estatal, polo tanto a nosa valoración xeral é positiva.

Levamos moitos anos sendo o profesorado peor pagado de todo o Estado. Con este acordo, no ano 2007 avanzaremos 6 postos no "ranking" de CCAA, para acabar situándonos entre o 6º e o 8º posto en xaneiro do 2009. Isto tendo en conta os acordos actualmente asinados noutras comunidades.

Ademais, como se recolle no punto 8º do acordo, establecece unha cláusula de revisión anual, pola que, no caso de producírense incrementos noutras CCAA que modifiquen a posición relativa acadada, abrírase un novo proceso negociador.

Neste senso, non nos cabe máis que felicitar á Administración por cumprir un dos seus compromisos electorais e a todas as organizacións sindicais polo traballo feito de cara a acadar melloras nas condicións de traballo do profesorado.

Como foi a negociación.

A proposta inicial da Consellaría foi de 50 € en tres prazos, empezando en xaneiro de 2008 e rematando en xaneiro do 2010. Incluíanse tamén 30 € (primaria) e 40 € (secundaria) para pago de titorías (so para as titorías, non para todo o profesorado).

Despois de 7 xuntanzas da Mesa Sectorial, as posturas fóronse aproximando ata chegar ao acordo final.

Durante este proceso, o STEG foi valorando criticamente as diversas propostas da Consellaría e transmitímoslle as nosas condicións ao Secretario Xeral de Educación, Benito Fernández, para podermos asinar o preacordo.

Moito nos tememos que unha vez acadado o acordo, cada quen queira atribuírse méritos en relación a consecución do mesmo, pode que algún caia na tentación de querer pendurar medallas, podemos oír frases do tipo: "grazas a nós...", "isto é froito do noso traballo...", etc, etc.

Pola nosa parte, pensamos que o acordo é froito de todas e cada unha das organizacións sindicais, que cada quen negociou seguindo a estratexia que considerou mais oportuna e que no fondo, e iso é o que importa, todas perseguían o mesmo fin, que non é outro que acadar melloras nas condicións de traballo do profesorado.

2 Transporte escolar

Información da campaña levada a cabo este curso polo STEG.

Resultados da enquisa e reivindicacións do STEG

3 Preacordo retributivo

Outas melloras salariais recollidas no preacordo que non atinxen a todo o profesorado.

"Función titorial e outras funcións docentes". Texto íntegro e aclaracións a posibles dúbidas

4 ¿Libros de texto ou materiais curriculares?

Proposta do STEG sobre gratuidade de materiais curriculares

Profesorado interino e substituto

Estabilidade: a asignatura pendente

A proposta inicial da Consellaría mantén as mobilizacións do profesorado interino e substituto

28 de xuño: Día do Orgullo LGTB



Por que asinou o STEG este preacordo?

- 1.- A cantidade total sitúa ao profesorado galego no lugar que lle corresponde dentro do conxunto do Estado. Ademais os prazos dos pagamentos acurtáronse tal e como nós reclamamos.
- 2.- Supón unha recuperación parcial do poder adquisitivo perdido nos últimos anos, recuperación insuficiente polo que o STEG seguirá a reclamar a recuperación total do perdido.
- 3.- Asinar permite que o STEG estea na Comisión de Seguimento do Acordo.
- 4.- Coñecida é a postura do STEG contraria á estratificación salarial polo que nun principio acolleu con preocupación o pago das titorías xa que só parte do profesorado se beneficiaría desa suba. Na reunión que mantivemos na Consellaría fixemos saber a nosa postura de que só aceptaríamos unha suba líneal. Cando se confirma que esa suba é líneal o STEG decide asinar. De todo xeitos estaremos vixiantes na comisión de seguimento a este apartado para que realmente redunde nunha mellora na calidade do ensino. Consideramos imprescindible que queden temporalizadas concretamente as funcións docentes ás que se refire o preacordo.
- 5.- Como en todo acordo, hai cuestións nas que hai que ceder aínda que non nos satisfagan, como é neste caso o feito de que a suba para o corpo de inspección sexa superior a do resto do profesorado. Un total de 235 €.

Transporte escolar

Resolvamos os problemas

Durante o primeiro e segundo trimestres deste curso, o STEG ten realizado a recollida de datos sobre o transporte escolar, enmarcada dentro dunha campaña máis ampla encamiñada a detectar e propoñer solucións aos problemas que o profesorado aprecia que existen relacionados co funcionamento deste servizo.

Nas gráficas expoñemos aqueles resultados que consideramos máis salientables, como por exemplo que o 23% dos centros contestan que "si" á pregunta de "o seu centro ten problemas de transporte?", ou que o 37% dos centros ven o seu horario escolar condicionado debido á dispoñibilidade da empresa de transportes.

Tamén detectamos a preocupación existente no profesorado por aspectos como a vixilancia nesos tempos de espera dos rapaces e rapazas antes e despois do horario escolar, tempos nos que a responsabilidade civil sobre os menores non está ben delimitada legalmente, e sobre o que as administracións pertinentes nunca tiñan dado unha resposta clara, deixando que sexa grazas á boa intención da maioría do profesorado que esta vixilancia se realice (sen recoñecemento ningún).

A imposibilidade de implantar xornada continua por negativa da empresa contratada, tendo o consenso de claustro e anpas, tamén foi unha das máis recorrentes denuncias feitas polo profesorado, denuncias que nós levamos tanto aos medios de comunicación como ás administracións.

Todos os resultados deste estudo foron presentados aos medios de comunicación polo STEG, tendo unha extraordinaria acollida e repercusión en toda Galiza, o que nos fai sentir satisfeitas ás persoas que participamos na elaboración desta campaña por ter conseguido facer visibles os problemas que o sector docente ten. Pero, sobre todo, o que máis nos enche, son as reaccións que se produciron a esta "aparición mediática", como que outros sindicatos levaran á mesa sectorial preguntas semellantes ás que nós xa facíamos (benvido o seu interese), que as administracións se esforzaran en difundir o perfil da figura do acompañante (mediante comunicado o día 7 de abril), ou que recoñecesen a necesidade de afrontar o tema da responsabilidade civil sobre o alumnado fora do horario escolar nas entrevistas mantidas cos delegados provinciais por membros deste sindicato.


Nestes momentos, seguimos a estar en comunicación coas administracións para elevarlles as demandas que o profesorado nos ten achegado, e que sintetizamos na táboa reivindicativa, ao tempo que tentamos dar solución aos casos individuais dos que nos teñen solicitado axuda.

Desde o STEG, queremos agradecervos a todos e todas aqueles que participástedes na campaña o voso interese e traballo, así como convidarvos a que sigades colaborando con nós, nesta ou nas que seguramente virán, para conseguir o noso obxectivo común, mellorar a calidade do ensino público.


Resultados da enquisa

Gráficos elaborados a partir das enquisas remitidas polos equipos directivos.


Ten o teu centro problemas de transporte?




Condiciona a dispoñibilidade de transporte os horarios do centro?




É razoablemente puntual o transporte no teu centro?




Impide o transporte iniciar o proceso de solicitude de xornada única?




Ábrese o centro fora do horario para acoller ao alumnado mentres non está no transporte?



O alumnado está correctamente vixiado entre que sae do centro e chega ao transporte?



O punto de recollida e baixada do alumnado está nun lugar axeitado?



Reivindicacións propostas polo STEG á Administración



Renegociación dos contratos de transporte escolar, tendo en conta as demandas de país, nais e claustros, incluíndo as actividades extraescolares. (Que non prime a rendibilidade empresarial sobre as necesidades educativas.



Garantir que os centros e rutas teñan lugares axeitados para a recollida e baixada do alumnado.



Determinación do perfil do acompañante e regularización do seu procedemento de contratación.



Eximir ao profesorado de toda responsabilidade civil sobre o alumnado, durante os períodos de baixada-subida ao transporte e o horario de apertura ou remate do horario lectivo. Coidamos que ten que ser a figura do acompañante quen asuma a responsabilidade nestes períodos.



Modificación do decreto 203/1986 que pon como distancia mínima 2 km para poder ser usuario do transporte.



Reclamar das administracións campañas de concienciación dirixidas ás familias sobre os perigos e o uso correcto do transporte.

Preacordo retributivo

Ainda que o máis salientable sexa a suba de 150 € para todo o profesorado, no preacordo recóllense outras melloras salariais que non atinxen a todo o profesorado.

Nova clasificación dos centros educativos.

Con efectividade do 1 de setembro de 2008, para os únicos efectos retributivos, a clasificación dos centros educativos será a seguinte:

Centros de Educación Infantil e Primaria

Tipo de centro	nº de unidades
Tipo A	40 ou máis
Tipo B	de 18 a 39
Tipo C	de 6 a 17
Tipo D	de 3 a 5

Os centros específicos de educación especial son considerados como de Tipo A

A diferenza está en que os centros de 6 a 11 unidades pasan a ser de Tipo C e os de 3 a 5 de Tipo D.

Secundaria / CPIs

Tipo de centro	nº de alumnado
Tipo A	máis de 1350
Tipo B	de 751 a 1350
Tipo C	menos de 750
Tipo D	seccións delegadas

Os conservatorios superiores de música, as escolas de artes plásticas e deseño nas que se imparten ensinanzas superiores, a Escola de Restauración, a Escola de Arte dramática, os centros residencias docentes e os centros integrados de formación profesional estarán clasificados como centro tipo A

A diferenza está en que os centros de menos de 450 alumnos, pasan a ser de Tipo C.

Postos de traballo docentes singulares

- xefatura de departamento de orientación nos centros de educación infantil e primaria e centros de primaria: 64,94 €
- membros dos equipos de orientación específica: 273,32 €
- xefatura de estudos e secretaría dos centros rurais agrupados tipo C: 161,13 €
- xefatura de estudos e secretaría dos restantes centros rurais agrupados: 118,39 €

Mestres/as que imparten no 1º ciclo da ESO

Con efectividade do 1 de xaneiro de 2007, o funcionariado do corpo de mestres que estean impartindo o 1º ciclo da ESO terán dereito a que a contía correspondente ao complemento específico compensador do nivel 24 ao 21 forme parte das pagas extraordinarias.

Con efectividade do 1 de xaneiro de 2006, os funcionarios do corpo de mestres que estean prestando servizos con carácter definitivo no 1º ciclo da ESO e sexan suprimidos ou desprazados por falta de horario, manterán o dereito a percibir o complemento específico compensador entre o nivel 24 de complemento de destino e o nivel 21.

Corpo de inspección

Data	Incremento mensual
xaneiro 2007	60 €
xaneiro 2008	75 €
xaneiro 2009	100 €
TOTAL	235 €

Con efectividade do 01. 01. 2007
Inspector xefe provincial: 60 € mensuais
Inspector coordinador de sector: 30 € mensuais

Profesorado de música e artes escénicas

Con efectividade do 1 de xaneiro do 2007, o profesorado de música e artes escénicas que estea impartindo o grao superior das ensinanzas musicais terá dereito a que a contía correspondente ao complemento específico compensador do nivel 26 ao 24 forme parte das pagas extraordinarias.

Cláusula de revisión salarial

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria analizará **anualmente** as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nova comunidade no conxunto do Estado, abrirá a novo proceso de negociación das súas retribucións.

"Función titorial e outras funcións docentes"

Texto integro recollido no preacordo

Percibirán este complemento, ademais dos funcionarios docentes que estean nomeados como titores, todos os profesores en situación de servizo activo que, dentro do horario lectivo ordinario do alumnado e do seu horario lectivo e horas complementarias fixas, realicen, entre outras, actividades de reforzo educativo, atención á diversidade, desdobres en áreas e materias de lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira, matemáticas, química, bioloxía e tecnoloxía, atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro, á educación infantil, asesoría tecnolóxica aos seus compañeiros para a utilización das novas tecnoloxías, participación activa no plan de convivencia do centro e outras actividades análogas que redunden na calidade do ensino, no marco que se estableza no proxecto educativo e na programación xeral do centro.

Excepcionalmente, a delegación provincial da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, a proposta do centro ou por iniciativa propia, poderá aprobar outras funcións que impliquen a percepción desta compoñente do complemento específico.

En todo caso, cumprirán o requisito para percibir a compoñente do complemento específico correspondente á "Función titorial e outras funcións docentes", os funcionarios docentes que realicen funcións sindicais ou formen parte dos órganos de representación do profesorado previstos na Lei 9/1987,

do 12 de xuño, e todo o persoal docente que teña o seu horario lectivo completo.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as funcións que lles permitan percibir este complemento aos profesores que prestan servizos nos centros de formación e recursos, no proxecto Siega e nos equipos de orientación específicos.

A retribución da compoñente do complemento específico correspondente á "Función titorial e outras funcións docentes" será compatible coa percepción da compoñente do complemento específico por razón do desempeño de órganos de goberno unipersoais e de postos de traballo docentes singulares e coa compoñente de complemento específico que, de ser o caso, poida establecerse en recoñecemento do labor do profesorado, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, previsto no apartado 2.b) do artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Asemade, o presente preacordo non absorberá a percepción doutros complementos ou o incremento dos xa existentes, se se producise o seu financiamento por outras Administracións ou por outras institucións.

Aclaracións de posibles dúbidas sobre o concepto "Función titorial e outras funcións docentes"

Todo o profesorado vai cobrar os 45 € deste complemento?

Si. A suba é lineal e para todo o profesorado. O profesorado titor cobrarao polo feito de selo e o resto terá que facer unha serie de actividades docentes dentro do seu horario lectivo.

Que tipo de actividades hai que facer?
Reforzos, apoios, desdobres de certas áreas, atención específica ao alumnado estranxeiro...ou calquera outra que se estableza na programación xeral do centro.

Canto tempo semanal hai que adicar a esas actividades?
Non se estipula no acordo, será negociado en posteriores reunións, en todo caso antes de xaneiro do 2008. A intención da Consellaría é que sexan dúas horas semanais.

Significa isto que quen teña a carga lectiva completa non vai percibir ese complemento?
Non. O profesorado co horario lectivo completo percibirá de oficio o complemento

É compatible o cobro deste complemento coa percepción de outros?
Si, tanto cos cargos directivos como cos de carácter singular (xefaturas de departamento, profesorado de CRAs, etc)

¿Libros de texto ou materiais curriculares?

Agora que imos desenvolver os RD e Regulamentos da LOE, estamos nunha grande ocasión de atopar unha saída satisfactoria á gratuidade dos materiais curriculares. Saída que satisfaga ás familias e que dea un paso adiante na elaboración de materiais acorde cos tempos actuais.

Como se recolle no título, no STEG queremos propoñer esta cuestión e lanzar algúns argumentos a prol de regularizar, non só o concepto de materiais curriculares no canto do máis pobre de "libros de texto", senón tamén regularizar e propagar a utilización de materiais curriculares en xeral como elementos enriquecedores e non mediatizadores da práctica escolar.

A escola non pode seguir á marxe da evolución e aparición de distintos medios e soportes de difusión

de contidos e continuar ancorada no libro de texto como elemento practicamente único. Precisamos atopar alternativas, tanto de orde teórica como de orde práctica, no proceso de desenvolvemento do currículo se a nosa intención é a innovación e a mellora da calidade. Por iso nos negamos a falar de libros de texto e incidimos no termo **material escolar**.

Despois do achegamento á visión que desde o STEG temos deste asunto, queremos manifestar que a política da Consellaría de Educación é máis demagógica e populista do que pedagóxica. Cando falamos de pedagóxica referímonos a unha medida que non só satisfaga as necesidades das familias, que tamén, senón que proporcione medidas de mellora da calidade do ensino partindo por exemplo dos materiais curriculares.

Estabilidade: a asignatura pendente

Profesorado interino e substituto

A proposta inicial da Consellaría mantén as mobilizacións do profesorado interino e substituto

A proposta inicial da Consellaría de Educación e O.U., comeza falando de acceso e de condicións de traballo e para nada do que se agardaba que era a estabilidade.

Fala de acceso cando a quen compete este tema é ao MEC, e polo tanto o único que di é a súa pretensión de baixar o número de profesorado interino e substituto de preto do 12% ao 5%. No STEG queremos alertar da perigosidade desta medida, xa que se este obxectivo non vai acompañado dun acordo de estabilidade que protexa a esa parte do colectivo que non supere os procesos selectivos, o que pode suceder, é que esa redución se faga a costa da perda do traballo dunha boa parte do colectivo. Aspecto este totalmente inaceptable e innegociable polo menos para o STEG, parece que non é así para outros sindicatos.

Hai organizacións sindicais que se conforman con negociar as condicións laborais do profesorado interino e substituto. Desde o STEG queremos manifestar que compartimos a negociación das melloras laborais, pero tamén queremos deixar claro, que **de nada serve ter unhas boas condicións laborais, se non se ten traballo.** E isto, a perda do posto de traballo, é o que pode suceder despois de analizar a proposta da consellaría.

Sobre todo cando a Consellaría de Educación e

O.U. se basea na Disposición Adicional decimoséxtima da LOE para a redución do colectivo. Esta disposición, que deriva do asinado o 20 de outubro por eses sindicatos que se conforman co documento presentado, prevé un sistema de oposición totalmente negativo para o profesorado interino e substituto, toda vez que a fase de oposición e a fase de concurso son independentes entre si e eliminatória unha da outra.

Non sabemos que lle impide a consellaría negociar un acordo de estabilidade, cando hai territorios do Estado cunha porcentaxe de profesorado interino e substituto moito maior que a galega. En Andalucía, con preto do 30% do profesorado en situación de interinidad, existe un acordo ao que accede todo o profesorado que teña prestado só un ano de servizos. Catalunya con máis dun 20% da plantilla tamén ten estabilidade. Podemos seguir: Euskadi, A Ríoxa, Illes Balears, Aragón, ...

Tampouco acertamos a entender, que haxa sindicatos que noutros territorios si asinan acordos de estabilidade e en cambio, en Galicia, confórmanse con negociar este tipo de propostas. Ademais, sindicatos que presumen de estar sempre ao lado do colectivo. Aspecto este que tampouco é certo. O único sindicato que pode afirmar isto, é o STEG, ou ¿onde estaban o resto de sindicatos o 8 de xuño ou o 16 de novembro de 2005? Por poñer só dous exemplos. ¿Acaso estes sindicatos

28 de xuño: Día do Orgullo LGTB

"Non hai outro modelo neste mundo que a defensa da dignidade humana, o respecto aos outros, a fraternidade, a non discriminación, sexa cal sexa a orixe da discriminación. Temos que ter a vontade de ir o máis lonxe posible no respecto a estes dereitos."

Así comeza o proxecto do grupo de traballo: "VEN-CER LA HOMOFOBIA: ASIGNATURA PENDIENTE" dun grupo de mestras asturianas que día tras día loitan para que o respecto á diversidade sexual sexa unha realidade.

Como elas e como moitas/os outras/os profesionais do ensino, nós, a **Asemblea de Mulleres do STEG**, queremos comezar neste curso un novo traballo con propostas de actividades que axuden a construír un concepto de sexualidade máis aberto e respectuoso.

Pensamos que **educar ao alumnado é a mellor arma contra a homofobia**. Porque todas e todos sabemos que os centros escolares non escapan ás actitudes homófobas que están presentes na sociedade

Na nosa páxina web tedes á vosa disposición unidades didácticas sobre o tema para traballar en Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

actual. De aí a nosa intención de comezar a romper o muro de silencio que sobre a homosexualidade impera tamén no ámbito educativo, para así superar os prexuzos e distorsións máis comúns.

Ao mesmo tempo queremos trasladar ás aulas a educación sexual como un concepto que fai referencia a un aspecto humano troncal que debe ser traballado por que nos incumbe directamente como individuos, e máis concretamente, o tema da homosexualidade masculina e feminina como unha máis das opcións posibles da nosa conducta sexual.

Facémolo agora, en xuño porque é o 28 deste mes cando se celebra o día do orgullo LGTB (Lesbico, Gay, Transexual e Bisexual)

Proposta do STEG sobre gratuidade de materiais curriculares

- 1. Tipos de materiais que se deben financiar:** debe financiarse todo tipo de material curricular, mesmo aquel elaborado polo profesorado dos centros.
- 2. A quen se lle financiarán os materiais curriculares:** os organismos e institucións públicas serán os que financien, polo tanto, será o alumnado dos centros públicos o que reciba os beneficios do financiamento.
- 3. Sistema de financiamento:** asignaráselles aos centros as cantidades por alumna ou alumno que se estimen oportunas, iguais para todos os centros. Para compensar desigualdades sociais, arbitraranse medidas desde os servizos públicos ou a través da declaración da renda.
- 4. Medida Adicional:** para compensar as tarefas de aplicación e mantemento deste Plan, aumentarase a dotación de persoal dos centros.

forman parte da Plataforma Estatal de Profesorado Interino e Substituto?, Actuemos con seriedade e rigorosidade. No STEG traballaremos sempre pola unidade sindical, e mostra dela temos dado dabondo, pero non aceptaremos que se trate de enganar ao colectivo.

En definitiva, o STEG considera inaceptable esta proposta, por iso solicitamos a retirada da mesma e a posta enriba da mesa dun documento serio, que aborde os verdadeiros problemas do profesorado interino e substituto. Estamos ante unha grande oportunidade negociadora, que agardamos a consellaría saiba entender e poña os mecanismos necesarios para chegar a bo porto.

Este escrito foi redactado durante o proceso negociador, polo tanto para seguir a actualidade deste tema, consulta a web www.stegsindicato.org

STEG

web: www.stegsindicato.org

E-mail: steg@stegsindicato.org

Sedes:

A Coruña-Santiago
Avenida de Coimbra, nº 15
15706 Santiago
Tfno. 981580700
corunha@stegsindicato.org

Lugo
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B
27001 Lugo
Tfno. 982240066
lugo@stegsindicato.org

Ourense
r/Sto Domingo, 60. G. Xesta, entrecán, local 1
3005-Ourense
Tfno. 988252323
ourense@stegsindicato.org

Pontevedra
r/ Gutiérrez Mellado, 3 Galerías Oliva, 1-3º
36001 Pontevedra
Tfno. 986857545
pontevedra@stegsindicato.org

Confederación STEs-i

web: www.stes.es

E-mail: stes@stes.es